

○ CASINO ○

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

Coa Mallada do centeo, do pasado 23 de setembro, completouse o ciclo agrario do centeo. Esperamos que para o próximo ano teñamos xa funcionando os muíños e poidamos facer a moenda. Como podedes comprobar no artigo correspondente a mallada tivo unha participación moi boa.

Non se pode dicir o mesmo da participación nas labores de adecentamento do contorno dos muíños, que está a ter unha participación moi cativa. Atopámonos no Ecuador do período concedido para levar a cabo a restauración dos muíños. Tiñamos 18 meses e xa só quedan 9, polo que temos que centrarnos nestas actuacións. Xa podedes comprobar que o volume de actividades está a baixar porque somos os mesmos para unha cousa e para a outra. Queremos agradecer especialmente a colaboración nas tarefas de limpeza do contorno dos muíños de Fernando, Belén, Mari, Cati, Lolo, José Carlos ,Olga, Piño, Carlos e José Luis

Queremos tamén agradecer a Gerardo a doazón dun xamoneiro para a Asociación Cultural, ao que, por certo, estamos a darlle bo uso.

Estes días recibimos a confirmación dunha axuda de 900 € da Consellería de Cultura, para o desenvolvemento da programación cultural anual. Temos que xustificala antes do 1 de novembro.

Como sempre, animarvos a colaborar tanto no Casino como nas actividades que se organizan, ou facendo propostas de novas actividades.



Neste exemplar:

- | | |
|---|--|
| 1 | Limiar |
| 2 | Programación trimestral |
| 3 | Receita • A mallada (por Carlos Carballido) |
| 5 | Colaboración literaria (por Mary Carballido) |
| 6 | Actividades realizadas |

PROGRAMACIÓN CULTURAL

4º TRIMESTRE 2007

IV Maratón Fotográfico



Cuarta edición deste festival da fotografía en Couso

Domingo, 28 de outubro,
ás 09'30 horas


Domingo, 11 de
novembro
Anunciarase a hora

San Martiño



Celebración da festividade de San Martiño, cun magosto e a actuación dun gaiteiro.

Sementeira do centeo



Inicio dun novo ciclo do centeo coa sementeira.

Sábado, 22 de decembro,
ás 15'00 horas

Domingo, 30 de
decembro: Festival

Luns, 31 de decembro:
Chocolate

Domingo, 6 de xaneiro:
Bingo

Nadal



Resúmense as principais actividades do Nadal. Máis adiante enviarase un cartel específico con estas actividades.

Receita

FLAN DE CABAZO

INGREDIENTES:

- 2 litros de aceite.
- 1 kg. de cabazo cocido e escorrido.
- 8 ovos.
- 8 culleradas de azucre.

PREPARACIÓN:

1. Cócese o cabaz oen anacos pequenos.
2. Despois de cocido débese escorrer ben.
3. Nun recipiente á parte bátense os ovos, bótaselle o azucre e de seguido o cabazo ben cocido, desfeito e escorrido.
4. Bótaselle o leite e remóvese ben toda a mestura (ten que quedar todo perfectamente desfeito).
5. Preparamos a bandexa do forno con caramelo líquido e vertemos sobre ela a mestura realizada.
6. Finalmente metémolo no forno quente. Comprobar a súa cocción en 35 minutos.

Proporcionada por Cristina Pérez, extraído dunha publicación sobre a Festa do Cabazo, de Cabral, feita pola Asociación Cultural O Coto.



A Mallada

O día 23 de setembro de 2007 fixése a mallada do centeo. Hai que destacar a boa participación e a variedade de idades: dende un ano ata os oitenta e tantos.



PARTICIPANTES:

Nieves	Estrella	Manolo
Cati	Belen	Victoria
Marga	Lolo	Lucia
Mary	Maribel	Gerardo
Carlos	Piño	Puri
Montse	Tonio	Eugenio
Olga	Nieves	Celia
Eusebio	Alba	Alberto
Emilia	Xose Luis	Raquel
Carlos	Cristina	Miguel
Jonathan	Modesta	Ana
Chus	Nelida	Leticia
Cristofer	Cecilia	Daniel
Saladita	Miguel	Benigno
Fernando	Lucia	Albertina



A colleita foi moi boa gracias aos Mallos de Benigno, Fernando e Andrés que movidos pola forza dos novos e a experiencia dos mais vellos non quedou un gran na palla.



O levantamento do centeo tamén é un punto importante a destacar, xa que participaron todos os asistentes.



1º Posto na mallada entre os mallore: Sra Emilia.

1º Posto entre os mais novos: Miguel Álvarez.



Animádevos que isto acaba de empezar, dentro de pouco temos a sementeira e a colmada do palleiro.



Carlos Carballido.

“Grazas D. Manuel”

Hai vinte e seis anos cursaba terceiro de E.X.B. con colexio público Nosa Sra dos Remedios en Pontearreas. Tiña oito anos.

Don Manuel Rivera era o meu mestre. O pobre non podía coa alma, estaba moi maior, pasaba as horas durmindo, pero aquel día a min fíxome a nena mais feliz do mundo.



Era o mes de xaneiro non recordo o día pero mandounos debuxar algo sobre a paz. Debuxei o que todos debuxaban: a pomba branca. Pero non me conformei con aquilo, quixen dicir algo e púxenme a escribir. O mestre, que non miraba ben, nun momento decatouse que eu non debuxaba. Aquel día parecía que estaba un pouco mellor, e preguntoume que facía. Dixen que xa fixera o debuxo e ensineillo pero non quedou conforme e levantouse botoulle unha ollada ao que eu escribira. Non me dixo nada, vultou a sentarse e coma sempre a durmir.

O remate da clase mandounos entregar o debuxo. O que escribirá gardeino na carteira como un valioso tesouro, e tan contenta funme para a casa.



O día seguinte todos os debuxos estaban colgados no taboleiro, pero para a miña sorpresa, xunto co meu debuxo, estaban as catro letras que escribira. D. Manuel, o mestre, encargárase de memorizalas. Non dixer nada. El nada me dixo. Pero tal foi a miña gratitude que dende aquela escribo todo o que me pasa pola mente.

Se fose pomba voaría... voaría...

Se fose pomba sería de cor branco...

Se fose pomba sería ... paxariño

Se fose pomba non sería... nena

Se non puidera ser nena ...

Sería pomba.

Mary Carballido


Actividades realizadas




O domingo, 8 de xullo, fíxose a sega do centeo, e a súa colocación en medas para que vaia secando e preparamo para a mallada.



O sábado, 8 de setembro, tivo lugar a tradicional peregrinaxe nocturna á Franqueira.



O domingo, 23 de setembro, fixemos a mallada, da que xa se informa nun artigo deste boletín.



O s días 22, 29 e 30 de setembro, e 6 de outubro estivemos a traballar no contorno dos muíños, limpando o terreo, sacando a leña, e xuntando a follaxe que quedou espallada despois de cortar os eucaliptos co obxecto de deixar só a vexetación autóctona de ribeira. Tamén sacamos a maquinaria da Molinera e a preparamos para levala a reparar, e sacamos o pé do muíño Pequeno, que, en principio non se vai restaurar, para recortalo e adaptalo para a Molinera.

